CICLO «8 M, MES A MES» — NOVEMBRO 2026

A Deputación de Ourense homenaxea á fiscala superior de Galicia, Carmen Eiró Bouza, pola súa ourensanía e traxectoria

> *A institución provincial recoñece o seu liderado como primeira muller na cabeza da Fiscalía galega e agradece o labor da institución na loita contra a violencia de xénero e na protección das vítimas.*



OURENSE, 08/11/2026.–

O programa «8 M, Mes a Mes», impulsado pola Deputación de Ourense para visibilizar o talento, o liderado e a pegada das mulleres na sociedade, dedica unha nova homenaxe á Excelentísima Señora Dona Carmen Eiró Bouza, fiscala superior de Galicia. O recoñecemento sitúa no primeiro plano a súa ourensanía e o seu labor profesional: unha vida dedicada á Xustiza, coa provincia de Ourense como vínculo fundamental da súa traxectoria.

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, Carmen Eiró iniciou a súa carreira na Fiscalía Provincial de Ourense, con primeiros destinos no Barco de Valdeorras e no Carballiño. Ese percorrido, ligado á realidade da provincia e ao servizo á cidadanía, constitúe un dos eixes desta homenaxe.

Unha traxectoria de traballo e compromiso

En 2005 asumiu a delegación provincial de Medio Ambiente, Urbanismo, Patrimonio Histórico, Incendios Forestais, Fauna e Flora, á que sumou en 2009 as funcións de fiscala de Menores. En outubro de 2020 foi nomeada fiscala delegada autonómica de Medio Ambiente e Urbanismo de Galicia. Desde novembro de 2025 ocupa o cargo de fiscala superior da comunidade autónoma, sendo a primeira muller en acceder a esta responsabilidade.

O seu labor abrangue tamén a formación de profesionais e a divulgación xurídica, así como o compromiso coa presenza da lingua galega na Administración de Xustiza. Unha traxectoria que permite recoñecer non só o acceso dunha muller á máxima responsabilidade da Fiscalía galega, senón o traballo sostido que precede ese fito.

Agradecemento na loita contra a violencia de xénero

Con esta homenaxe, a Deputación de Ourense quere facer chegar tamén o seu agradecemento á Fiscalía que dirixe Dona Carmen Eiró e, de maneira especial, aos e ás fiscais que traballan en materia de violencia de xénero. A institución provincial recoñece o seu labor na persecución desta lacra e na defensa dos dereitos e da protección das vítimas.

Este recoñecemento subliña a dimensión preventiva da resposta da Xustiza: a prevención xeral, ao Trasladar que a violencia non pode quedar impune, e a particular, orientada a evitar a reincidencia. Perseguir os delitos, protexer as vítimas e evitar novas agresións son tarefas esenciais para avanzar cara a unha sociedade máis segura e igualitaria.